# UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | | 2020/21 | |
| Asignatura (*) | Taller de Habilidades Informacionais e Dixitais: Avaliación, Análise e Calidade da Información | | Código | 710G04047 | |
| Titulación | | | | | |
| Descriptores | | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos | |
| Grao | 1º cuadrimestre | Segundo | Obrigatoria | 3 | |
| Idioma | Castelán | | | | |
| Modalidade docente | Híbrida | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | |
| Departamento | Humanidades | | | | |
| Coordinación | Alfaya Lamas, Elena | Correo electrónico | elena.alfaya@udc.es | | |
| Profesorado | Alfaya Lamas, Elena<br>Ruiz Astiz, Javier | Correo electrónico | elena.alfaya@udc.es<br>j.ruiz.astiz@udc.es | | |
| Web | | | | | |
| Descrición xeral | Neste Taller preténdese coñecer e desenvolver habilidades e competencias informacionais e dixitais. Profundizaremos na alfabetización informacional e adquiriremos a habilidade de acceder e evaluar de maneira efectiva a información para dar resposta ás necesidades de información concretas. Os alumnos/as deben ser capaces de recoñecer cando necesitan información e ter a capacidade de localizala, evaluala e usala de<br>maneira efectiva. | | | | |

| Plan de continxencia | 1. Modificacións nos contidos<br><br>Trataranse os mesmos temas.<br><br>2. Metodoloxías<br><br>*Metodoloxías docentes que se modifican:<br><br>- Proba mixta presencial: Substitúese por unha avaliación síncrona on line, utilizándose para tal fin Moodle e coordinación a través de vídeo-conferencia a través de Microsoft Teams. Os alumnos e alumnas que non podan realizar a proba a través dos medios previstos, deben comunicar ao docente da materia tal circunstancia ofrecendo unha motivación con suficiente antelación. Para causas debidamente xustificadas, poderá, eventualmente, organizarse un sistema de avaliación alternativo.<br><br>- Sesión maxistral (presenciais): substituída por docencia non presencial síncrona e asíncrona, reforzo das comunicacións a través do foro de novas de moodle, reatroalimentación das actividades en moodle e dispoñibilidade on line para consultas e seguimento do alumnado.<br><br>- Traballos tutelados: A exposición oral prevista pasará a realizarse a través dunha video-conferencia en Teams.<br><br>- Prácticas TIC: Incorpórase a posibilidade de realizar dentro desta metodoloxía test en moodle ou Google Forms para controlar o seguimento do temario.<br><br>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado:<br><br>- Ferramentas: Correo electrónico, Microsof Teams. Moodle (retroalimentación formativa das actividades).<br><br>- Temporalización: Aténdese ao alumnado diariamente, de luns a venres. Rógase que, en primeira instancia, a comunicación establézase a través do correo electrónico ou do chat de Teams. Será posibel concertar citas para videoconferencias a través de Teams.<br><br>4. Modificacións na avaliación;<br><br>- Prácticas TIC e traballos tutelados: non hai cambios nos criterios de valoración.<br><br>- Proba mixta (on line): Peso na cualificación 40%. Pasará a realizarse a través de medios telemáticos. En canto aos criterios de valoración non hai cambios.<br><br>*Observacións de avaliación:<br><br>As mesmas que no caso de non ser necesaria a aplicación deste plan de continxencia.<br><br>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía:<br><br>O material preciso para preparar a materia (apuntes, gravacións das clases e/ou referencias web aos textos que son imprescindíbeis) se colgarán na plataforma moodle ou darase acceso a eles a través de enlaces de Internet.<br>Polo demais, non hai cambios en relación coas fontes empregadas. |
|---|---|

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Coñecer e utilizar os principais servizos e fontes de información. | A1<br>A3<br>A9 | | C7 |
| Coñecer e comprender as oportunidades e riscos potenciais que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación. | A4<br>A6 | B2<br>B3 | |
| Ser capaz de buscar, recuperar e tratar información, seleccionando a máis relevante. | A4<br>A6<br>A12 | | C7 |
| Determinar a validez e fiabilidade da información dispoñible. | A13 | B7<br>B8<br>B9<br>B10 | |
| Utilizar a información de maneira crítica e sistemática, avaliando a súa pertinencia. | A1<br>A3<br>A6<br>A13 | B4<br>B6<br>B11 | C1<br>C2<br>C3 |
| Ser capaz de promover a comunicación e o intercambio de información. | A12<br>A13<br>A14 | | |
| Utilizar de maneira segura, legal e ética a información. | A15<br>A16 | | C1<br>C2<br>C3 |

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |
| Introducción | 0.1 Internet<br>0.2 Procuras na web<br>0.3 Qué son as habilidades informacionales e dixitais? |
| Tema 1. Acceso e recuperación da información | 1.1 Universidade e sociedade do coñecemento<br>1.2 Por qué formar en habilidades informacionales e dixitais?<br>1.3 Selección<br>1.4 Recuperación<br>1.5 Avaliación<br>1.6 Estratexias de procura |
| Tema 2. Fontes e recursos de referencia | 2.1 Estratexias<br>2.2 Instrumentos<br>2.3 Avaliación nas unidades da información: bibliotecas e arquivos<br>2.1 Obras de referencia<br>2.2 Fontes para localizar obras de referencia e bases de datos<br>2.3 Fontes de información en publicacións periódicas<br>2.4 BBDD de Documentación; catálogos; normas; noticiarios; organismos; directorios e tesauros<br>2.5 A documentación de oficina<br>2.6 A documentación europea |
| Tema 3. Comunicación e intercambio de información | 3.1 Multialfabetización na rede<br>3.2 Uso e xestión das redes sociais<br>3.3 Ciencia aberta: acceso universal á cultura |

| | |
|---|---|
| Tema 4. Identidade dixital | 4.1 Qué é a identidade dixital?<br>4.2 Visibilidade, reputación e privacidade<br>4.3 Xestión da identidade no ámbito da información |
| Tema 5. Uso seguro, legal e ético da información | 5.1 Plaxios na contorna dixital<br>5.2 Dereitos de autor, propiedade intelectual e industrial<br>5.3 Comportamento ético ante o uso da información |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Prácticas a través de TIC | A4 A6 A9 A12 | 5 | 16 | 21 |
| Traballos tutelados | A13 A14 A15 A16 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B9 B10 B11 | 5 | 15 | 20 |
| Proba mixta | A1 A3 A4 A6 A12 A13 A14 A15 A16 C1 C2 | 2 | 15 | 17 |
| Sesión maxistral | A1 A3 A4 A6 C3 C7 | 10 | 5 | 15 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Prácticas a través de TIC | Realízaranse prácticas en clase mediante o uso de computadores e Internet para o manexo de fontes de información, procura documental, etc. |
| Traballos tutelados | Traballo en grupo de aprendizaxe independente dos alumnos orientado á aplicación dos conceptos e as técnicas da materia, contando sempre coa atención personalizada e o seguimento dos profesores. Elaborarase seguindo as pautas formais e de contido indicadas. |
| Proba mixta | Proba que pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación sobre os contidos teóricos e prácticos da materia para a avaliación dos coñecementos adquiridos. |
| Sesión maxistral | Exposición oral por parte dos profesores, complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos alumnos, coa finalidade de transmitir os coñecementos fundamentais da materia e facilitar a aprendizaxe. Fundamentarase na exposición de contidos teóricos, a visualización de exemplos e a resolución de dúbidas por parte da profesora. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| Metodoloxías | Descrición |

| | |
|---|---|
| Prácticas a través de TIC<br>Traballos tutelados<br>Proba mixta<br>Sesión maxistral | Atención personalizada a través de titorías individualizadas ou en grupo, nas que se tratarán todos os asuntos plantexados.<br>Fixarasw un horario de titorías que, seguindo as directrices da UDC para este curso académico, serán online. Nas titorías atenderanse principalmente asuntos relativos ás metodoloxías empregadas nesta materia.<br>Realizaranse titorías individualizadas nas que se abordarán dudas, interpretacións e outras cuestións vinculadas cos contidos da materia e os traballos.<br>Este tipo de atención terá especial peso nos traballos tutelados, para os cales os docentes irán marcando as pautas a seguir en cada caso, podendo propor as variacións ou modificacións necesarias.<br>Con carácter xeral, e en todas as metodoloxías aplicadas, e si a situación o permite, utilizaranse tamén as titorías presenciais, o correo electrónico e Moodle, a plataforma informática da UDC.<br>NOTA:<br><br>De maneira específica, as medidas de dedicación para o ?Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia? son as que seguen:<br><br>-Os/as alumnos/as deben poñerse de acordo cos profesores para fixar varias titorías co fin de seguir a materia con efectividade.<br><br>-Deben asistir a clase o mínimo de horas fixadas no regulamento.<br><br>-Deben realizar tanto o examen como as prácticas, as lecturas de clase e o traballo.<br><br>-As datas de entregas oficiais fixadas para os/as alumnos/as que asisten a clase non aplican para estos/as alumnos/as quenes entregarán todo o que haia que entregar como moi tarde 15 días antes do exame oficial.<br><br>Aqueles alumnos/as que dispoñen de algún tipo de dispensa oficial para asistir a clase deben comunicarllo aos profesores e asistir a titorías previamente acordadas para que podan facer un bo seguemento da materia. É imprescindible que estos/as alumnos/as asistan ao mínimo de clases oficialmente fixado y que realicen as tarefas de clase. |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | **Cualificación** |
| Prácticas a través de TIC | A4 A6 A9 A12 | Realizaranse actividades que utilizarán as TICs, sendo imprescindíbel a asistencia a clase. | 30 |
| Traballos tutelados | A13 A14 A15 A16 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B9 B10 B11 | Valorarase a adecuación do traballo presentado ao tema proposto, o contido, con especial interese nas achegas dos alumnos respecto ás fontes e á bibliografía utilizada, a coherencia da súa estrutura, a redacción e a presentación. Valoración, polo tanto, de contidos, achegas innovadoras, sentido crítico e argumentación.<br>Entregarase na data indicada polos profesores.<br>Non se avaliarán os traballos presentados fóra de prazo, con faltas de ortografía ou aqueles que incumpran as indicacións prescritas para a súa elaboración. | 30 |
| Proba mixta | A1 A3 A4 A6 A12 A13 A14 A15 A16 C1 C2 | Avaliaranse os contidos das respostas, a adecuación das mesmas ás preguntas realizadas, a capacidade de argumentación, o emprego da terminoloxía, a expresión escrita, a capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), a creatividade e o espírito crítico.<br>Non se corrixirán aquelas respostas que conteñan faltas de ortografía ou non contesten ó tema exposto. | 40 |

| Observacións avaliación |
|---|
| |

| Fontes de información | |
|---|---|
| Bibliografía básica | Abadal Falgueras, Ernest; Anglada Ferrer, Lluis, ?Ciencia abierta: cómo han evolucionado la denominación y el concepto?, Anales de documentación: Revista de biblioteconomía y documentación, 23-1 (2020).Alonso Arévalo, Julio; Lopes, Carlos, ?El conocimiento es de todos y para todos: ¿Qué es y qué implica la Ciencia Abierta??, Desiderata, 12 (2019), pp. 72-82.Anglada i de Ferrer, Lluis M.; Abadal, Ernest, ?¿Qué es la ciencia abierta??, Anuario ThinkEPI, 12-1 (2018), pp. 292-298.Benito Amat, Carlos. Recuperación en Internet: cuatro modelos complementarios y una agenda para su integración. En: Boletín de la RedIRIS nº 48, 1999, pp.36-51.Caldera Serrano, Jorge, ?Repositorios públicos frente a la mercantilización de la Ciencia: apostando por la ciencia abierta y la evaluación cualitativa?, MÉI: Métodos de Información, 9-17 (2018), pp. 74-101.Dávila Muro, Jorge, ?La nueva identidad digital europea?, Revista SIC: ciberseguridad, seguridad de la información y privacidad, 26-126 (2017), pp. 132-136.Domingo, Víctor, ?¿Por qué es importante salvaguardar nuestra identidad digital??, Escritura pública, 104 (2017), p. 27.Eito Brun, Ricardo. "Una nueva forma de recuperar información: los robots personales". En: Information World en Español, nº 46, julio-agosto 1996, pp. 15-19Fernández Burgueño, Pablo, ?Aspectos jurídicos de la identidad digital y la reputación online?, adComunica: revista científica de estrategias, tendencias e innovación en comunicación, 3 (2012), pp. 125-142.Hernández Pérez, Antonio. "La búsqueda y recuperación de información en Internet." En: La sociedad de la información: política, tecnología e industria de los contenidos. Madrid : Centro de Estudios Ramón Areces, 1999. (lo mismo está en http://rayuela.uc3m.es/~tony/tecnol/titema18.htm)Hernández-Pérez, Tony, ?Repositorios institucionales y redes sociales académicas: el acceso abierto a las publicaciones científicas como objetivo y como negocio?, PH: Boletín del Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico, 28-100 (2020), pp. 117-119.León Cobos, Juan Jesús; López Navarro, Roberto, ?La gestión de la identidad digital y de los accesos: retos de presente y de futuro?, Revista SIC: ciberseguridad, seguridad de la información y privacidad, 110 (2014), pp. 60-65.Maldonado Martínez, Angeles ; Fernández Sánchez, Elena. "Evaluación de los principales ?buscadores? desde un punto de vista documental: recogida, análisis y recuperación de recursos de información". En: VI Jornadas Españolas de Documentación. Valencia : FESABID, 1998, pp. 529-551Ruiz Bejarano, Aurora María, ?Fuentes digitales y fuentes impresas. Prácticas letradas y plagio en el marco universitario?, Revista chilena de literatura, 94 (2016), pp. 215-230.Schiavi, Pablo, ?Reputación on line ¿la identidad digital es tan importante como la real??, Informática y Derecho: Revista Iberoamericana de Derecho Informático, 6 (2019), pp. 153-164.Shefner-Rogers, Corinne L., ?Identidad digital, vidas privadas?, Tabula: revista de archivos de Castilla y León, 17 (2014), pp. 31-44.Ubieto Artur, Antonio Paulo. "Redes de comunicaciones: la red Internet". En: Manual de información y documentación. Madrid : Ediciones Pirámide, 1996, pp.447-476Vendito, Gus. "Search Engine Showdown." En: Internet World. nº5, mayo 1996, pp. 79-86Zacca González, Grisel, ?Los repositorios en función de la ciencia abierta?, Revista Cubana de Información en Ciencias de la Salud, 30-4 (2019), pp. 1-3. |
| Bibliografía complementaria | |

| Recomendacións |
|---|
| Materias que se recomenda ter cursado previamente |
| |
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
| |
| Materias que continúan o temario |
| |
| Observacións |
| |

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**